

Informe da Directora

Xunta de Escola, 19 de xuño de 2024

1 Actividades de representación

- Asistencia da directora, en representación da Escola, aos actos da Feira Enerxética 2024, celebrada en Silleda do 11 ao 13 de abril de 2024.
- 31 de maio. Asistencia da directora, en representación da Escola, á “Gala da Industria e Enerxía”, evento organizado polo “*Ilustre Colegio Oficial de Ingenieros Industriais de Galicia*”
- 20 de abril. Asistencia da directora, en representación do centro, á constitución de FORO FEITO, unha iniciativa promovida por Luis Miguel Varela, catedrático de Física da USC, e que se concibe como unha ferramenta para identificar, analizar e debater, desde a información e o coñecemento, os futuros programas e proxectos industriais de Galicia.

2 Reunións de traballo

- 17 de abril. Participación da directora e María Araújo na sesión do Comité Científico do VII Congreso Nacional de Áridos, no que participan en representación da Escola.
- 18 de abril. Asistencia da directora á xornada técnica organizada pola COMGA “*Últimas novedades normativas en materia de minas*», impartida polo Subdirector Adxunto de Minas da “*Dirección General de Política Energética y Minas*”, dependente do “*Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*”, Ismael Guarner.
- 23 de abril. Asistencia da directora á xornada “*Los retos en las Materias Primas Minerales: Formación e Investigación*”, evento organizado polo “*Instituto Geológico y Minero de España (IGME-CSIC)*” e a “*Escuela Técnica Superior de Ingenieros de Minas y Energía*” da UPM, co respaldo da “*Confederación de Ingenieros Geólogos*”.
- 23 de abril. Asistencia da directora á reunión da CODEIME (“*Conferencia de Directores/as de Escuelas de Ingeniería de Minas y Energía*”) celebrada en Madrid.
- 3 de maio. Asistencia da directora ao V Foro de Mobilidade Sostible en Galicia, evento organizado polo CLUERGAL en colaboración coa Xunta de Galicia.
- 6 de maio. Asistencia da directora, en calidade de vicepresidenta da CODEIME, á reunión para o desenvolvemento do convenio de colaboración RAI-CODEIME.
- 21 de maio. Asistencia da directora á reunión convocada polo “*Instituto de la Ingeniería de España*” sobre titulacións de máster que habilitan para profesión reguladas (“*I Foro para la Mejora de los Estudios de Máster Habilitante de Ingeniería*”).
- 23 de maio. Reunión con David Millán, egresado da Escola e actualmente cun posto de responsabilidade na empresa de enxeñaría civil STRABAG AG, e que está a contactar coa escola polo interese en incorporar persoas egresadas do centro.
- 5 de xuño. Recepción na Escola dunha delegación da Universidade de Chongqing (China). Participaron na presentación da Escola e percorrido polos laboratorios dos grupos de investigación GESSMIN e XEOTECNOLOXIAS: Francisco Deive, Xurxo Regueira, Bingdong Ding, Leandro Alejano, Pedro Arias, Zhouyan Qui e Iago Pozo, en calidade de Director de internacionalización da Universidade.

- 12 de xuño. Asistencia da directora e Fernando García á “*Jornada Tecnológica de ORICA*”, organizada polo COITMGA.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

3 Relacións Internacionais

Francisco Deive, en calidade de responsable de RRII da escola, realizou as seguintes actividades:

- Asistencia xunto con persoal da ORI e o director de internacionalización da Universidade de Vigo a unha reunión virtual con persoal da *Shariff University of Technology* de Irán o día 8 de abril de 2024 para buscar posibles colaboración futuras en áreas relacionadas coas titulacións da Escola.
- Adxudicación da praza Erasmus KA171 para o profesor Ronny Vallejo, da Universidade Federico Santa María. O profesor estivo no centro desde o 6 ata o 10 de maio de 2024, impartindo unha conferencia na EME o mércores 8 de maio de 2024.
- Asistencia xunto coa directora da EME e o director de Internacionalización da Universidade de Vigo á reunión con representantes da Universidade de Chongqing (China) o mércores 5 de xuño de 2024, para presentar a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Agradécese a Francisco Deive o seu labor como responsable de RRII do centro.

4 Actividades de Divulgación Científica e Captación de Alumnado

4.1 Sesións informativas graos (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
11/04/2024	IES San Paio (Pontevedra)	1º Bach	24	Raquel Pérez
11/04/2024	IES Pazo da Mercé (As Neves)	1º e 2º Bach	12	Raquel Pérez
17/04/2024	IES Ila de Tambo (Pontevedra)	4º ESO	19	Raquel Pérez
30/04/2024	IES A Basella (Vilanova de Arousa)	1º Bach	15	Raquel Pérez
02/05/2024	IES Santo Tomé de Freixeiro (Vigo)	1º Bach	19	Raquel Pérez
07/05/2024	Campus Spain	Preuniversitario	12	Raquel Pérez
14/05/2024	Colexio Divino Salvador (Coruxo)	4º ESO	9	Raquel Pérez

4.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
05/04/2024	IES Breame (Pontedeume)	1º e 2º Bach	70	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
05/04/2024	Colexio POSSUMUS (Vigo)	3º e 4º ESO	40	Javier López	Intelixencia Artificial
10/04/2024	IES Santa Irene (Vigo)	1º e 2º Bach	90	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
15/04/2024	IES Mosteirón (Sada)	4º ESO	21	Ana Larrañaga	Intelixencia Artificial
24/04/2024	IES Lucus Augusti (Lugo)	1º Bach	11	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
26/04/2024	IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia)	4º ESO e 1º Bach	45	Raquel Pérez	Intelixencia Artificial
30/04/2024	CPR Santiago Apóstol (Soutomaíor)	1º e 2º Bach	48	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
10/05/2024	IES Carlos Casares (Vigo)	4º ESO e 1º Bach	20	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
10/05/2024	IES Indalecio Pérez Tizón (Tui)	4º ESO, 1º e 2º Bach	83	Raquel Pérez	Muller e Enxeñaría (Xornada “Donas de Sí”)

14/05/2024	Colexio LABOR (Vigo)	3º ESO	50	Javier López	Intelixencia Artificial
16/05/2024	Escolas Rosalía de Castro (Vigo)	2º Bach	22	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
21/05/2024	IES Ribeira do Louro (O Porriño)	4º ESO, 1º Bach	62	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
24/05/2024	IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia)	1º Bach	20	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
28/05/2024	IES Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño)	3º e 4º ESO	70	Benito Vázquez	Física Re-Creativa

4.3 Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
16/05/2024	IES A Xunqueira II (Pontevedra)	4º ESO	55	José Domingo Moya Moisés Cordeiro	Combustión Intelixencia Artificial

4.4 Obradoiro recoñecemento minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
22/05/2024	Colexio Pablo VI (A Rúa)	1º e 2º ESO	25	Raquel Pérez	Centro

4.5 Participación en Feiras

Data	Nome	Colexio/IES	Actividade	PDI participante
11/04/2024	Salón ENERXÉTIKA (Silleda)	Público en xeral	Stand da EME (Información sobre os Graos e as saídas laborais)	Elena Alonso Borja Barreiro Raquel Pérez Iago Villarino
12/04/2024	Salón ENERXÉTIKA (Silleda)	Público en xeral	Stand da EME (Información sobre os Graos e as saídas laborais)	
13/04/2024	Salón ENERXÉTIKA (Silleda)	Público en xeral	Stand da EME (Información sobre os Graos e as saídas laborais)	
03/05/2024	Feira de Minerais (Guláns)	CPI Mondariz (Mondariz) IES Val do Tea (Ponteareas)	Obradoiro de Recoñecemento de minerais de visu	Raquel Pérez Borja Barreiro Iago Villarino
31/05/2024	A ciencia que vén (Ciencia de Ida e Volta)	Público en Xeral	Obradoiro de Termografía Infravermella	Moisés Cordeiro David García

4.6 STEMBach

Defendéronse os seguintes proxectos STEMBach, correspondentes ao bienio 2022/2024

Bienio	IES	Proxecto	Alumnado	Titores/as	Data defensa	Tribunal UVIGO
22/24	IES Aquis Celenis	Biomasa cereal residual como fonte de biocombustible	Bruno Figueiro	Francisco Deive, Ana Rodríguez e Asunción Longo	08/04/24	Salomé Álvarez
	IES Plurilingüe A Paralaia (Moaña)	Regulador de Carga Solar	Tudor Ciobanu Samuel Ogando	David Patiño Vilas e Juan Jesús Rico Fuentes	29/11/23	Jesús Vence
		Comparación de biocombustibles	Brais Santomé Alexandre Nunes	Raquel Pérez Orozco e Juan Jesús Rico Fuentes		

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación científica e a Raquel Pérez o labor de organización e coordinación.

5 Igualdade

5.1 Peche INSPIRA 2023-2024

O 31 de maio celebrouse a sesión de remate do programa INSPIRA do curso 2023/2024. Nesta edición participaron as seguintes persoas (profesorado e persoas egresadas da Escola): María Baqueiro, Xanel Vecino, Natalia Caparrini e Elena Alonso.

Agradécese ás persoas participantes no desenvolvemento do programa

6 Orientación académica e profesional

Impartíronse as seguintes conferencias de formación extracurricular e que forman parte do programa de orientación académica e profesional da escola:

- 3 de abril. Xandre Costas que está traballando en EnergyLab e continua os seus estudos de 4º no grao de Enxeñaría da Enerxía: “A miña experiencia”
- 10 de abril. Nuria Mouronte, egresada do grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, que está traballando nunha empresa do sector: “A miña experiencia”
- 24 de abril. Ana Larrañaga e Xurxo Rigueira, persoas egresadas da escola, que enfocaron a súa vida profesional á investigación e están desenvolvendo as súas teses doutorais nun Departamento da EME
- 15 de maio. D. Juan Ricoy Alonso, Delegado en Galicia do COIMNE, impartiu unha sesión formativa sobre a profesión regulada de Enxeñeiro/a de Minas.
- 3 maio. Seminario de Mecánica de Rocas: “*Size dependent behaviour of intact rocks: recent findings and future direction*”, impartida polo profesor Hossein Masoumi, da Monash University.

Agradécese a participación dos conferenciantes e a Ana Rodríguez a organización das actividades.

7 Sistema Garantía Calidade

7.1 Docencia Quinquenal

Elaboráronse os Informes de Responsables Académicos de 4 solicitantes da Escola.

7.2 Presentación Selo Excelencia Grao EE

En relación ao procedemento, non se acadou o selo nin se recibiu información sobre a puntuación ou avaliación da solicitude. Cabe sinalar que non o acadou ningunha das titulacións solicitantes da UVIGO.

7.3 Singularidade Grao ERME

En relación á solicitude de singularidade non se ten resposta.

7.4 Solicitude redución número prazas

En relación á solicitude de redución no número de prazas ofertadas para o grao ERME a SXU acordou emitir informe favorable e ofertar o número proposto polo centro: 30 prazas para o curso 2024/2025.

7.5 Enquisas satisfacción coas titulacións

Infórmase da participación acadada nas enquisas e de que seguen abertas ata o 30 xuño; indícase que se achegarán recordatorios de participación aos colectivos de interese (estudiantado de 3º dos graos, de 2º do máster e persoas egresadas no 2022/2023).

Titulación	Estudiantado			Persoas tituladas		
	Respostas	Poboación	Participación	Respostas	Poboación	Participación
G290 GEE	3	19	16%	5	16	31%
G310 GERME	2	8	25%	0	3	0%
M148 MUEM	3	6	50%	2	3	67%
Totais	8	33	24%	7	22	32%

7.6 Enquisas de Avaliación Docente (EAD)

O prazo rematou e os datos de participación son moi baixos. Indícanse a continuación os datos das EAD e das ES (prazo non finalizado para estas enquisas)

Titulación	Cuestionarios		
	Realizados	Posibles	Participación
G11480 GEE	76	1081	7%
G11482 GERME	34	280	12%
M10376 MUEM	0	18	0%
M11578 MUXSA	5	36	14%
Totais	113	1415	8%

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade.

8 Desenvolvemento das titulacións

8.1 Viaxe estudos

Do 10 ao 14 de xuño realizouse a viaxe de estudos do estudiantado dos graos e do máster universitario en enxeñaría de minas da escola. Acompañaron ao estudiantado as profesoras Marta Cabeza e Raquel Pérez. Asistiron 13 estudantes e visitaron *MATSA Mining*, *ATALAYA Mining*, *Atlantic Copper* e *ENUSA*. A viaxe foi co financiada polo Consello Social da Uvigo e o COIMNE.

Agradécese ás profesoras que asistiron ao viaxe e ás entidades que proporcionaron apoio económico e que fixeron posible a realización da actividade.

8.2 Configuración e posta en marcha do módulo TFG

Francisco Deive e Iria Feijoó foron as persoas responsables da posta en marcha na plataforma SIGMA do módulo do Traballo Fin de Grao da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Colaboraron tamén no desenvolvemento do módulo Carmen Romo e María Araújo.

8.3 Sesión informativa TFG

O 15 de maio levouse a cabo unha sesión informativa sobre o TFG (procedemento administrativo, utilización da nova plataforma online) e formación sobre a redacción de textos científicos ou técnicos. A sesión foi impartida por Francisco Deive, Iria Feijóo e Elena Alonso.

8.4 Sesión informativa TFM

O 29 de maio levouse a cabo unha sesión informativa sobre o TFM (procedemento administrativo, utilización da nova plataforma online) e formación sobre a redacción de textos científicos ou técnicos. A sesión foi impartida por Elena Alonso.

9 Recursos materiais

Acometéronse as seguintes reparacións:

- Reparación das entradas de auga na pasarela que une a EEME coa EEI (2 de maio de 2024)
- Coa dotación da partida orzamentaria 626 procedeuse a renovar os monitores da Aula 0 de Informática; espérase que estean instalados o mércores 19 de xuño de 2024
- Procedeuse a electrificar a Aula 108 (data de finalización prevista o xoves 20 de xuño)
- Procedeuse a instalar un mural no vestíbulo da Escola e os traballos finalizaron o día 17 de xuño de 2024
- Modificación da web da escola (empresa, estrutura e contidos). Prevista publicación en xullo
- Pablo Goyanes Collazo, remata o seu labor como técnico informático da escola. Agrádese o traballo realizado por Pablo estes anos, con profesionalidade e gran implicación co centro.

Agrádese a Francisco Deive o seu traballo como responsable da xestión de recursos materiais e infraestruturas da escola.

10 Outras

10.1 Recuperación de mural emusealización

O grupo GESSMIN rescatou un fragmento dun dos murais máis emblemáticos do *postgrafiti* vigués antes de ser totalmente derruído. Un equipo pertencente a este grupo investiga sobre materiais do patrimonio cultural e a súa conservación e estudou o estado da súa conservación antes da súa demolición. Coa colaboración da Unidade Técnica, o fragmento foi trasladado á escola para a súa musealización, o que supón unha forma de deixar constancia da existencia material dunha obra de arte urbana de carácter efémero.

Agrádese a María Araújo, Iago Pozo e Teresa Rivas as xestións que fixeron posible a doazón do mural. Agrádese a colaboración da empresa que asumiu os custos asociados ao corte e transporte da peza ao centro.

10.2 Doazón gömböc

O *gömböc* trátase dunha peza que é o único obxecto coñecido cun punto de equilibrio estable e outro inestable. A doazón foi posible grazas a xestión de Ignacio Pérez Rey. A peza foi doada polo profesor Gábor Domokos, que xunto a Peter Varkinyi, son os investigadores que demostraron en 2007 a súa existencia trala conxectura de Vladimir Arnold en 1995. A peza está exposta nas vitrinas do vestíbulo da escola.

11 Comunidade da Escola

11.1 Noticias no DUVI relacionadas con persoal vinculado á escola

Investigadores de Cintecx lideran un proxecto europeo para reducir e reciclar materiais de construción desde a fase previa á demolición

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/investigadores-cintecx-lideran-proxecto-europeo-reducir-reciclar-materiais-construcion-fase-previa>

Coníferas e fentos eran a base da alimentación dos dinosauros herbívoros na península ibérica no Cretácico Inferior

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/coniferas-fentos-eran-base-alimentacion-dinosauros-herbivoros-peninsula-iberica-cretacico-inferior>

De Vigo a Lodz para probar diferentes propostas de realidade virtual inmersiva

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/vigo-lodz-probar-diferentes-propostas-realidade-virtual-inmersiva>

Máis de 500 estudantes de primaria e secundaria participaron este curso no programa de fomento de vocacións Inspira STEAM

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/mais-500-estudiantes-primaria-secundaria-participaron-curso-programa-fomento-vocacions-inspira-steam>

12 Premios e recoñecementos

12.1 Cátedra

O profesor Bienvenido Díez Ferrer obti o o pasado mes de abril a Cátedra no área de coñecemento de Estratigrafía. A directora traslada o parabén da comunidade universitaria ao profesor Díez Ferrer.

12.2 Premio Internacional Giovanni Barla

Os investigadores do Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais, Cintecx, da Universidade de Vigo, Leandro Alejano e Ignacio Pérez Rey, docentes da Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía, acaban de ser galardoados co *Premi Giovanni Barla* ao mellor artigo de 2023 publicado na revista *Rock Mechanics and Rock Engineering*, unha das publicacións internacionais de maior prestixio no eido da mecánica de rochas. O galardón reconece a elevada calidade do artigo *A New Insight into the Stability of Precariously Balanced Rocks*, do que son coautores, xunto con Mauro Muñiz, do *Laboratorio de Xeotecnia del Cedex*, en Madrid, e tres investigadores da *Budapest University of Technology and Economics (BME)*, en Hungría, entre eles o

profesor Gábor Domokos, un dos principais expertos mundiais no estudo e resolución de problemas de equilibrio de corpos complexos.

12.3 Ránking investigación

A Universidade de Vigo, entre as mellores do mundo en cinco materias. A edición 2024 do *QS World University Rankings by Subject* sitúa á Universidade de Vigo entre as mellores do mundo en cinco eidos: Enxeñaría do petróleo, Agricultura e forestal, Enxeñaría eléctrica e electrónica, Ciencias biolóxicas e Química

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/universidade-vigo-mellores-mundo-cinco-materias>

12.4 Persoas egresadas

Recoñecemento a **Eva Álvarez Regueiro**, egresada da escola. Eva é doutora polo *Imperial College London* e actualmente analista enerxética; foi seleccionada por *Nova Talent* dentro do *top 10* mellores xoves profesionais do sector enerxético e da enxeñaría do noso país. Nova é unha plataforma que conecta entre si os distintos perfís con maior potencial en termos de talento xove de todo o mundo, creando unha rede na que estar en contacto e dar a merecida visibilidade.

A egresada da escola **Isabel López Echevarría** foi, xunto a outras 8 compañeiras do sector, finalista dos *Wice Awards* que se celebrou o 23 de maio en Londres, Inglaterra. Estes premios destacan a aquelas mulleres menores de 30 anos que xa fan contribucións significativas á industria da construción ou da enxeñaría, dándolles o seu merecido recoñecemento e visibilidade. Isabel conta cunha traxectoria impecable tanto no profesional como o académico, participando en proxectos como a execución de obras de rehabilitación enerxética no sector residencial ou a posta en marcha dunha comunidade enerxética de ámbito local.

12.5 Premio Cátedra *Atlantic Copper*

Premio Cátedra *Atlantic Copper* 2023/2024 ao traballo “*Las materias primas minerales en la transición energética y en la digitalización. El papel de la minería y la metalurgia*”, traballo no que participou como autora a directora da escola en representación do centro.

12.6 Cátedra

Informase da obtención da Cátedra en Estratigrafía do profesor Bienvenido Díez Ferrer, no pasado mes de abril.